



II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

PEREIRO NATURAL

A finalidade do concurso é dar a coñecer diferentes recunchos do noso Concello, polo que poden presentarse fotografías nas que predomine a temática natural , e/ou tamén combinadas con elementos culturais, etnográficos, etc. , sempre e cando formen parte do noso municipio.

O concurso rexerese polas seguintes **BASES**:

1. **PARTICIPANTES:** Poden participar todas as persoas interesadas, a excepción dos membros do xurado. Cada participante pode presentar un máximo de tres fotografías, pero soamente poderá optar a premio cunha delas.
2. **FORMATO:** As fotografías que se presenten deberán ser orixinais e inéditas, polo que non puideron ser presentadas na edición anterior.

Poderán ser en branco e negro ou cor, e deberán tomadas con cámaras dixitais. Non poderán conter marcas de auga, firma, nin ningún outro elemento que identifique ao participante.

3. **PRESENTACIÓN:** A presentación das fotografías debe ser en formato JPG de alta calidade (suficiente para poder imprimilas nun tamaño de 50x40cm), cun tamaño máximo de 5Mb.

A presentación dos traballos farase por medios electrónicos, enviando o arquivo ao enderezo electrónico: cultura@concellopereiro.com

No asunto do correo debe aparecer o nome do concurso **“Pereiro Natural”** e deberá conter dous adxuntos: por un lado a fotografía con título da imaxe e noutro adxunto deberán presentarse os datos do participante:

Nome e apelidos, número de teléfono, enderezo electrónico e lugar onde se tomou a mesma.

4. **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

O prazo ábrese no momento de publicación na páxina web e nas redes sociais do Concello, e remata o 31 de maio de 2022.

5. **SELECCIÓN DAS FOTOGRAFÍAS GAÑADORAS**

Á hora de valorar, os membros do xurado terán en conta a orixinalidade, estética da fotografía, a técnica e o resultado final.





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Cada membro do xurado valorará de 1 a 5 cada fotografía e no caso de empate, farase unha segunda votación.

6. XURADO E FALLO

A participación neste concurso supón a aceptación das bases.

O xurado estará elixido pola organización, e o fallo será o día 15 de xuño. Os gañadores do concurso comunicaranse mediante vía telefónica aos interesados.

O xurado, de así consideralo, pode deixar os premios desertos, sendo a súa decisión inapelable.

7. PREMIOS

Outorgaranse os seguintes premios:

1º PREMIO: 100 euros e fotografía impresa en cartón pluma en tamaño 50x40cm.

2º PREMIO: 70 euros e fotografía impresa en cartón pluma en tamaño 50x40cm.

3º PREMIO: 50 euros e fotografía impresa en cartón pluma en tamaño 50x40 cm.

Con todas as fotografías presentadas farase unha exposición na Praza do Concello durante todo o verán.

8. PROPIEDAD DAS IMAXES

As obras pasarán a formar parte do arquivo do Concello, podendo este publicalas en calquera dos medios oficiais, así como en exposicións ou eventos organizados desde o organismo.

E responsabilidade de cada participante asegurarse de que as fotografías enviadas foran tomadas co permiso da persoas/s e / ou localización, e non infrinxa os dereitos de autor de ningún terceiro, ou o dereito dunha persoa sobre a súa propia imaxe. Calquera infracción é responsabilidade exclusiva do autor, O Concello do Pereiro de Aguiar non se fai responsable.

9. MAIS INFORMACIÓN

Calquera información ou aclaración, no enderezo electrónico: cultura@concellopereiro.com ou no teléfono 988.25.98.39.


No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde.

Luís Menor Pérez

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



Cod. Validación: 3NQMGNPA9JXFWUJ46HKT SX9TR | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2